

RBT aérea de 3.157 m de lonxitude, con orixe no CT proxectado.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se van expropiar figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Delegación Provincial, por duplicado, no prazo de trinta días, a partir da última publicación ou notificación individual.

Durante o dito período, calquera persoa poderá achegar así mesmo por escrito, os datos oportunos para rectificar posibles erros na relación das persoas, bens e dereitos afectados, así como formular as posibles alegacións por razón do disposto no artigo 161 do R.D. 1955/2000.

Pontevedra, 17 de novembro de 2003.—A Delegada Provincial, Carmen Bianchi Valcarce. 10000

AYUNTAMIENTOS

POIO

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Poio, en sesión realizada o día 25 de novembro de 2003, acordou aproba-la fixación dos seguintes:

PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

CAMPO DE FÚTBOL DA REIBOA

Equipos de Poio

15 euros por partido ou adestramento agás convenio de colaboración

Equipos alleos ao Concello.

36 euros por partido de competición oficial
20 euros por adestramento

CAMPO DE FÚTBOL DA SECA

Equipos de Poio

30 euros por partido ou adestramento agás convenio de colaboración

Equipos alleos ao Concello

60 euros por partido de competición oficial
36 euros por adestramento

XIMNASIO

Clubs, asociacións, colexios etc.

12 euros/hora

Ximnasia de mantemento

Dependendo do número de sesións semanais os prezos serán:

25 euros por mes, 5 días á semana

16 euros por mes, 3 días á semana

11 euros por mes, 3 días á semana para xubilados e maiores de 65 anos

11 euros por mes, 2 días á semana

2 euros por hora

En horario de 16 a 19 horas 6 euros por mes 3 días á semana

PAVILLÓN DA SECA E LOURIDO

Equipos de Poio ou veciños de Poio

15 euros por hora de uso para equipos

9 euros por hora de uso para individuais

Equipos alleos ao Concello

30 euros por hora de uso

Campionatos, torneos, etc.

48 euros por equipo ata 10 equipos participantes

60 euros por equipo ata 15 equipos participantes

72 euros por equipo ata 20 equipos participantes

85 euros por equipo ata 25 equipos participantes

100 euros por equipo ata 30 equipos participantes

120 euros por equipo máis de 30 equipos

Festivais, concertos e actos culturais

600 euros por día de actuación

OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

9 euros por hora de utilización.

INSCRICIÓN NAS ESCOLAS DEPORTIVAS

30 euros/ano por persoa federada ou alumno

15 euros/ano por persoa non federada ou alumno

Para familias de máis dun membro participante nas Escolas deportivas:

Para o 1º alumno, 15 euros

Para o 2º alumno, 10 euros

Para o 3º e sucesivos, 5 euros

AUTORIZACIÓNS DE ROTULACIÓN E PUBLICIDADE

Por cada bloque de 1,50 metros por 1 metro de alto, 120 euros o primeiro ano e 90 euros cada ano sucesivo.

O pintado da publicidade realizarase polo Concello sendo a cargo do solicitante o custo do mesmo.

Esta modificación entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

Estes prezos comezarán a aplicarse a partir da data de publicación dos mesmos no Boletín Oficial da provincia.

Poio, 19 de decembro de 2003.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. 10112

A N U N C I O

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión realizada o día 25 de novembro de 2003 adoptou o acordo núm. 2555, polo que se aproba definitivamente o Estudio de Detalle da Parcela 42 na rúa Illa Canosa do lugar de Boa Vista da parroquia de San Salvador deste termo municipal redactado polo arquitecto D. Miguel Varela de Ugarte e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data do 04/06/03 e promovido pola sociedade "Lanzamar, S.A." e de conformidade co artigo 92 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia publícase a ordenanza de aplicación no mesmo:

ORDENANZA Nº 5 EDIFICACIÓN DE BAIXA DENSIDADE UNIFAMILIAR

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS: Responde á tipoloxía de vivenda unifamiliar illada ou apegada.

O seu ámbito é o definido nos planos de Ordenación.

GRAOS: A: Vivenda illada en parcela única e usos tolerados; B: Vivenda apegada en parcela común ou en agrupación de parcelas e usos tolerados.

PARCELA MÍNIMA: Grao A: 500 m²; Grao B: 400 m² por unidade de vivenda.

FRONTE MÍNIMO DE PARCELA: Grao A: 12 metros. Grao B: 18 metros.

OCUPACIÓN MÁXIMA: Grao A: 35%; Grao B: 40%.

EDIFICABILIDADE MÁXIMA: Grao A: 0,40 m²/m². Grao B: 0,50 m²/m².

ALIÑACIÓN: As establecidas nos planos de Ordenación. De non sinalarse a catro (4) metros do eixo da vía a que dea fronte a parcela para os cerramentos.

RECUAMENTOS MÍNIMOS DA EDIFICACIÓN:

GRAO A: Frontal: 4 metros sobre aliñación. Laterais: 3 metros. A fondo: 3 metros.

GRAO B: Frontal: 4 metros sobre aliñación. Laterais: 3 metros; A fondo: 3 metros.

ALTURA MÁXIMA: 7 metros sobre a rasante da vía á que dea fronte a parcela. En ningún caso se poderá supera-la altura de 7,50 metros pola parte inferior do último forxado sobre a rasante natural do terreo, medido en calquera dos paramentos da edificación.

Nº DE PLANTAS MÁXIMO: Dúas (2) plantas= 7 metros.

SOTOS E SEMISOTOS: Autorízanse semisotos sempre que queden incluídos na altura máxima permitida sobre rasante. A súa ocupación manterá os recuamentos a estremeiros establecidos pola edificación.

GARAXE APARCAMENTO: Dentro da parcela deberase dispoñer de unha praza de aparcamento por cada 100 metros de edificación sobre rasante.

USOS TOLERADOS: Permítense os seguintes usos:

Vivenda; Hoteleiro; Comercial; Oficinas: Industrial, categoría 1ª Grupos 1, 2, 3, 5, 6, 7 e 8 e categoría 2ª Grupos 5 e 7; Garaxe aparcamento, categoría 1ª Graos 1, 2 e 3.

PROHIBIDOS: Os non contemplados no apartado anterior.

OUTROS: En Grao B poderán agruparse as vivendas formando complexo con parte ou a totalidade da parcela común, podendo establecerse unha superficie libre adscrita a cada vivenda sobre proxecto único de edificación.

OBSERVACIÓNS: Poderán apegarse pequenas edificacións complementarias ós estremeiros da parcela con un máximo total de ocupación de 50 m² e altura de cumieira de 2,50 m. exclusivamente para o caso de uso de vivenda.

O número máximo de vivendas agrupadas será de 6, debendo respectarse entre cada grupo as distancias de separación establecidas na Ordenanza.

Excepcionalmente as parcelas existentes entre medianeiras ou edificacións consolidadas poderán edificarse sen cumprilas condicións de parcela e fronte mínimo, mantendo os mesmos recuamentos que as edificacións das parcelas lindantes.

Aquelas parcelas que no ámbito do Antigo Plan Parcial da Caeira tiveran recoñecida a edificabilidade desde 400 m² poderan ser edificables con esa dimensión de parcela, cumprindo o resto das condicións deste Plan Xeral.

Naquelas parcelas que no ámbito do Antigo Plan Parcial de Boa Vista tiñan recoñecida edificabilidade en altura, a parcela mínima será de 250 m² e a súa edificabilidade de 0,6 m²/m², manténdose o resto dos parámetros da presente ordenanza.

Poio, a 22 de decembro de 2003.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. 10249